- Coñecer e valorar o seu corpo e a actividade física como medio de exploración e disfrute das súas posibilidades motoras, de relación cos demais e como recurso para organizar o tempo libre.
- Coñecer os trazos que definen unha actividade física saudable e os efectos beneficiosos que esta ten para a saúde individual e colectiva.
- Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo e as demais persoas e recoñecendo os efectos do exercicio físico, da hixiene, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde.
- Adoptar unha actitude crítica ante o tratamento do corpo, a actividade física e o deporte.
- Valorar a práctica habitual e sistemática de actividades físicas como medio para mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.
- Identificar a dereita e a esquerda nun mesmo e nos demais sabendo situar os obxectos con relación ao propio corpo.
- Afianzar a lateralidade.
- Desenvolver e educar as habilidades motoras e brindar posibilidades para satisfacer as necesidades do movemento.
- Activar na súa totalidade os procesos motoras, coordinar e harmonizar á vez que estimular e canalizar modos de condutas emocionais afectivas.
- Controlar a hiperactividad mediante unha oferta de movementos motores funcionais con finalidade.
- Experimentar sensacións de equilibrio e desequilibrio empezando por situacións próximas ás habituais e unha base de sustentación próxima ao chan.
- Desenvolver/ mellorar a coordinación de movementos co fin de acadar unha mellor execución nas actividades.
- Utilizar as súas capacidades físicas, habilidades motoras e o seu coñecemento da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.
- Realizar tarefas dirixidas ao incremento das posibilidades de rendemento motor, á mellora da condición física para a saúde e ao perfeccionamento das funcións de axuste, dominio e control corporal, adoptando unha actitude de autoesixencia na súa execución.
- Realizar actividades que permitan satisfacer as necesidades en relación ás capacidades físicas e habilidades específicas a partir da valoración do nivel inicial.
- Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de forma eficaz e autónoma na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.
- Regular e dosificar o esforzo, chegando a un nivel de autoesixencia acorde coas súas posibilidades e a natureza da tarefa.
- Coñecer e consolidar hábitos saudables, técnicas básicas de respiración e relaxación como medio para reducir desequilibrios e aliviar tensións producidas na vida cotiá e na práctica físico-deportiva.
- Acadar un bo control respiratorio e de relaxación.
- Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.
- Comunicar os desexos de forma verbal, corporal, visual, desenvolvendo a creatividade.
- Practicar e deseñar actividades expresivas con ou sen base musical, utilizando o corpo como medio de comunicación e expresión creativa.

- Participar en actividades físicas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para alcanzar obxectivos comúns, resolvendo mediante o diálogo os conflitos que puidesen xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.
- Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, mostrando unha actitude crítica tanto dende a perspectiva de participante coma de espectador.
- Coñecer e realizar actividades deportivas e recreativas individuais, colectivas e de adversario, aplicando os fundamentos regulamentarios técnicos e tácticos en situacións de xogo, con progresiva autonomía na súa execución.
- Realizar actividades físico-deportivas no medio natural que teñan baixo impacto ambiental, contribuíndo á súa conservación.
- Mostrar habilidades e actitudes sociais de respecto, traballo en equipo e deportividade na participación en actividades, xogos e deportes, independentemente das diferenzas culturais, sociais e de habilidade.
- Mellorar os problemas de condutas desadaptativas ofrecéndolles outras posibilidades máis acordes, cunha práctica deportiva na que se recompensen as condutas axeitadas.

BLOQUE 1: O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN:

Conceptos

- Afirmación da lateralidade.
- Nocións asociadas a relacións espaciais e temporais. Percepción espazo-temporal.
- Descubrimento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento.
- Representación do propio corpo e do dos demais.
- Equilibrio estático e dinámico
- Organización espazo-temporal.
- Elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento.

Procedementos

- Toma de conciencia do propio corpo en relación coa tensión, a relaxación e a respiración.
- Experimentación de posturas corporais diferentes.
- Posibilidades sensoriais. Exploración e discriminación das sensacións.
- Experimentación de situacións de equilibrio e desequilibrio.
- Posibilidades perceptivas. Exploración das capacidades perceptivas e a súa relación co movemento.
- Consolidación da lateralidade e a súa proxección no espazo.
- Conciencia e control do corpo en repouso e en movemento.
- Aplicación do control tónico e da respiración ao control motor.
- Adecuación da postura ás necesidades expresivas e motoras de forma económica e equilibrada.
- Utilización axeitada da discriminación selectiva de estímulos e da anticipación perceptiva.
- Execución de movementos de certa dificultade cos segmentos corporais non dominantes.
- Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas.
- Estruturação espazo-temporal en accións e situacións motoras complexas.
- Coordinación dinámica, estática e visomotora.

Actitudes

- Aceptación da propia realidade corporal.
- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da das demais persoas.
- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos demais, mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.

Criterios de Avaliacion

- Reaccionar corporalmente ante estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motoras que se adapten ás características dos devanditos estímulos.
- Consolidar a lateralidade.
- Empregar o lado dominante e non dominante nas execucións.
- Mellorar o equilibrio estático e dinámico.
- Recoñecer e identificar partes do corpo nun mesmo e nos demais.
- Controlar o propio corpo durante as actividades adaptándoo ás diferentes situacións.
- Realizar lanzamentos, recepcións, movementos corporais...compoñendo un xesto coordinado.

BLOQUE 2: HABILIDADES MOTORAS

Conceptos

- Habilidades físicas.
- Capacidades físicas

Procedementos

- Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motoras básicas.
- Resolución de problemas motores sinxelos.
- Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motoras básicas.
- Utilización eficaz das habilidades básicas en medios e situacións estables e coñecidas.
- Control motor e dominio corporal.
- Mellora das calidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución motora.
- Dominio motor e corporal dende unha formulación previa á acción.
- Acondicionamento físico orientado á mellora da execución das habilidades motoras.
- Adaptación da execución das habilidades motoras a contextos de práctica de complexidade crecente, con eficiencia e creatividade.

Actitudes

- Interese por mellorar a competencia motora.
- Disposición favorable a participar en actividades diversas, aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.
- Valoración do traballo ben executado dende o punto de vista motor.
- Disposición favorable a participar en actividades diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.

Criterios de Avaliacion

- Desprazarse e saltar de forma diversa, variando puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación no espazo.
- Desprazarse e saltar, combinado ambas as dúas habilidades de forma coordinada e equilibrada, axustando os movementos corporais a diferentes cambios das condicións da actividade.
- Adaptar os desprazamentos e saltos a diferentes tipos de ámbitos que poidan ser descoñecidos e presenten certo grao de incerteza.
- Realizar lanzamentos e recepcións e outras habilidades que impliquen manexo de obxectos, con coordinación dos segmentos corporais e situando o corpo de forma apropiada.
- Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles, sen perder o seu control, adecuando os movementos ás traxectorias.
- Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles, sen perder o control destes nos xogos e actividades motoras que o requiran, con axuste correcto á situación no terreo de xogo, ás distancias e ás traxectorias.
- Equilibrar o corpo adoptando diferentes posturas, con control da tensión, a relaxación e a respiración.
- Xirar sobre o eixe lonxitudinal e transversal, diversificando as posicións segmentarias e mellorando as respostas motoras nas prácticas corporais que o requiran.
- Mostrar condutas activas para incrementar globalmente a condición física, axustando a súa actuación ao coñecemento das propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento.
- Incrementar os niveis de resistencia aeróbica, flexibilidade e forza resistencia a partir do nivel inicial, participando na selección das actividades e exercicios en función dos métodos de adestramento propios de cada capacidade.

BLOQUE 3:

3.1. -ACTIVIDADES ARTISTICO-EXPRESIVAS

3.2. -EXPRESION CORPORAL

Conceptos

3.1. -ACTIVIDADES ARTISTICO-EXPRESIVAS:

- Posibilidades expresivas con obxectos e materiais.
- O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación.
- O corpo e o movemento. Conciencia das posibilidades e recursos da linguaxe corporal.
- Tipos de ritmos.
- Formas de desprazamento en función do ritmo marcado.

3.2. -EXPRESION CORPORAL:

- Bailes e danzas: aspectos culturais en relación á expresión corporal.

Procedementos

3.1. -ACTIVIDADES ARTISTICO-EXPRESIVAS:

- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.
- Sincronización do movemento con pulsacións e estruturas rítmicas sinxelas.
- Exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento, con desinhibición.
- Imitación de personaxes, obxectos e situacións.

-
- Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento e respecto polas diferenzas no modo de expresarse.
 - Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples.
 - Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.
 - Recreación de personaxes reais e ficticios e os seus contextos dramáticos.
 - Utilización dos obxectos e materiais e as súas posibilidades na expresión.
 - Composición de movementos a partir de estímulos rítmicos e musicais. Elaboración de bailes e coreografías simples.
 - Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.
 - Representacións e improvisacións artísticas coa linguaxe corporal e coa axuda de obxectos e materiais.

3.2. -EXPRESION CORPORAL

- Execución de bailes de práctica individual, por parellas ou colectiva.

Actitudes

3.1. -ACTIVIDADES ARTISTICO-EXPRESIVAS:

- Valoración dos usos expresivos e comunicativos do corpo.
- Desfrute mediante a expresión a través do propio corpo.
- Desfrute mediante a expresión e comunicación a través do propio corpo.
- Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Valoración das diferenzas no modo de expresarse.
- Participación e respecto ante situacións que supoñan comunicación corporal.

3.2. -EXPRESION CORPORAL

- Predisposición a realizar os bailes e danzas con calquera compañeiro e compañeira.

Criterios de Avaliacion

- Simbolizar personaxes e situacións mediante o corpo e o movemento con desinhibición e soltura na actividade.
- Reproducir corporalmente ou con instrumentos unha estrutura rítmica.
- Propoñer estruturas rítmicas sinxelas e reproducilas corporalmente ou con instrumentos.
- Utilizar os recursos expresivos do corpo e implicarse no grupo para a comunicación de ideas, sentimentos e representación de personaxes e historias, reais ou imaxinarias.
- Construír composicións grupales en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.
- Realizar bailes por parellas ou en grupo, indistintamente con calquera o seu membro, mostrando respecto e desinhibición.

BLOQUE 4:

4.1. -ACTIVIDADE FISICA E SAÚDE

4.2. -CONDICION FISICA E SAÚDE

4.3. -ACTIVIDADES NO MEDIO NATURAL

Conceptos

4.1. -ACTIVIDADE FISICA E SAÚDE

- Relación da actividade física co benestar.
- Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde. Mellora de forma xenérica da condición física orientada á saúde.
- Recoñecemento dos efectos beneficiosos da actividade física na saúde e identificación das prácticas pouco saudables.
- Mobilidade corporal orientada á saúde.
- Medidas básicas de seguridade na práctica da actividade física, con relación ao ámbito. Uso correcto e respectuoso de materiais e espazos.
- Seguridade na propia práctica da actividade física. Quentamento, dosificación do esforzo e relaxación.
- Medidas de seguridade na práctica da actividade física, con relación ao ámbito. Uso correcto e respectuoso de materiais e espazos.
- Recoñecemento da importancia dunha boa hixiene persoal despois da práctica deportiva.

4.2. -CONDICION FISICA E SAÚDE

- O quentamento. Efectos. Pautas para a súa elaboración.
- Relación entre a mellora das calidades físicas relacionadas coa saúde e a adaptación dos aparatos e sistemas do corpo humano.
- Recoñecemento do efecto positivo que a práctica de actividade física produce nos aparatos e sistemas do corpo humano.
- Alimentación e actividade física: equilibrio entre a ingesta e o gasto calorífico.

4.3. -ACTIVIDADES NO MEDIO NATURAL

- Normas de seguridade para a realización de percorridos de orientación no medio urbano e natural.

Procedementos

4.1. -ACTIVIDADE FISICA E SAÚDE

- Adquisición de hábitos posturales e alimentarios saudables e autonomía na hixiene corporal.
- Adquisición de hábitos posturales e alimentarios saudables relacionados coa actividade física e consolidación de hábitos de hixiene corporal.
- Prevención de lesións na actividade física. Quentamento, dosificación do esforzo e recuperación.
- Mellora da condición física orientada á saúde.

4.2. -CONDICION FISICA E SAÚDE

- Elaboración e posta en práctica de quentamentos, logo de análise de actividade física que se realiza.
- Acondicionamento das calidades relacionadas coa saúde: resistencia aeróbica, flexibilidade e forza resistencia xeral, mediante a posta en práctica de sistemas e métodos de adestramento.
- Adopción de posturas correctas nas actividades físicas e deportivas realizadas.
- Execución de métodos de relaxación como medio para liberar tensións.

4.3. -ACTIVIDADES NO MEDIO NATURAL

-
- Realización de percorridos de orientación, a partir do uso de elementos básicos de orientación natural e da utilización de mapas.

Actitudes

4.1. -ACTIVIDADE FISICA E SAÚDE

- Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física.
- Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde.
- Valoración da actividade física para o mantemento e a mellora da saúde.
- Valoración da importancia de manter unha boa hixiene persoal.

4.2. -CONDICION FISICA E SAÚDE

- Valoración da alimentación como factor decisivo na saúde persoal.
- Respecto polas diferenzas individuais físicas e motoras.
- Apreciación da importancia dun bo quentamento previo á práctica deportiva.
- Valoración da importancia da relaxación e/ou estiramientos despois da actividade física.

4.3. -ACTIVIDADES NO MEDIO NATURAL

- Aceptación das normas de seguridade e protección na realización de actividades de orientación.

Criterios de Avaliación

4.1. -ACTIVIDADE FISICA E SAÚDE

- Realizar exercicios de acondicionamento físico atendendo a criterios de hixiene postural como estratexia para a prevención de lesións.
- Manter condutas activas acordes co valor do exercicio físico para a saúde, mostrando interese no coidado do corpo.
- Relacionar as actividades físicas cos efectos que producen nos diferentes aparatos e sistemas do corpo humano, especialmente con aqueles que son máis relevantes para a saúde.
- Reflexionar sobre a importancia que ten para a saúde unha alimentación equilibrada e as actividades diarias realizadas.
- Mostrar interese por cumprir as normas referentes ao coidado do corpo con relación á hixiene e á conciencia do risco na actividade física.
- Identificar algunhas das relacións que se establecen entre a práctica correcta e habitual do exercicio físico e a mellora da saúde e actuar de acordo con elas.

4.3. -ACTIVIDADES NO MEDIO NATURAL

- Completar unha actividade de orientación, preferentemente no medio natural, coa axuda dun mapa e respectando as normas de seguridade.

BLOQUE 5:

5.1. -XOGO E DEPORTE I.

5.2. -XOGO E DEPORTE II.

Conceptos

5.1. -XOGO E DEPORTE I.

- Compresión e importancia do cumprimento das normas de xogo.
- Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo.
- O xogo e o deporte como elementos da realidade social.
- O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais.
- Tipos de xogos e actividades deportivas
- O xogo como actividade común a todas as culturas.

5.2. -XOGO E DEPORTE II.

- As fases do xogo nos deportes colectivos: organización do ataque e da defensa.
- Tipos de xogos e actividades deportivas e o seu reglamento.

Procedementos

5.1. -XOGO E DEPORTE I.

- Realización de xogos libres e organizados.
- Realización de xogos e de actividades deportivas de diversas modalidades e dificultade crecente.
- Participación en xogos e iniciación á práctica de actividades deportivas.
- Posta en práctica de estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación/oposición.
- Uso axeitado das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación/oposición.

5.2. -XOGO E DEPORTE II.

- Práctica dos fundamentos técnicos, tácticos e regulamentarios dun deporte colectivo.
- Participación activa nas actividades e xogos e no deporte colectivo escollido.
- Práctica de diversos xogos populares e tradicionais.

Actitudes

5.1. -XOGO E DEPORTE I.

- Aceptación de distintos roles no xogo.
- Recoñecemento e valoración cara ás persoas que participan no xogo.
- Confianza nas propias posibilidades e esforzo persoal nos xogos.
- Valoración do xogo como medio de disfrute e de relación cos demais.
- Respecto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais.
- Aceptación e respecto cara ás normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo. Cumprimento das normas para un xogo limpo.
- Valoración do esforzo persoal e colectivo nos diferentes tipos de xogos e actividades deportivas á marxe de preferencias e prexuízos.
- Aprecio do xogo e as actividades deportivas como medio de disfrute, de relación e de emprego satisfactorio do tempo de ocio.

5.2. -XOGO E DEPORTE II.

- Asunción da responsabilidade individual nunha actividade colectiva, como condición indispensable para a consecución dun obxectivo común.
- Participación nos xogos aceptando diferentes niveis de destreza na súa práctica,

tanto nun mesmo coma nos demais.

- Valoración das posibilidades do equipo e da participación de cada un dos seus membros con independencia do resultado obtido.
- Aceptación do reto que supón opoñerse a outros en situacións de xogo sin que isto derive en actitudes de rivalidade ou menosprezo.

Criterios de Avaliacion

- Participar e gozar en xogos axustando a súa actuación, tanto no que se refire a aspectos motores coma a aspectos de relación cos compañeiros e compañeiras.
- Participar do xogo e as actividades deportivas con coñecemento das normas e mostrando unha actitude de aceptación cara ás demais persoas.
- Identificar, como valores fundamentais dos xogos e a práctica de actividades deportivas, o esforzo persoal e as relacións que se establecen co grupo e actuar de acordo con eles.
- Actuar de forma coordinada e cooperativa para resolver retos ou para opoñerse a un ou varios adversarios nun xogo colectivo.
- Actuar de forma coordinada e cooperativa para resolver retos ou para opoñerse a un ou varios adversarios nun xogo colectivo, xa sexa como atacante ou como defensor.
- Opinar coherente e criticamente con relación ás situacións conflitivas xurdidas na práctica da actividade física e o deporte.
- Resolver situacións de xogo reducido dun ou varios deportes colectivos, aplicando os coñecementos técnicos, tácticos e regulamentarios adquiridos.

METODOLOXÍA.

-PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Establecemos os seguintes principios para orientar o noso proceso de ensino-aprendizaxe:

- **Partir do nivel de desenrolo do alumno/a**, o que fará que teñamos en conta tanto o nivel de desenrolo non que se atopa coma os seus coñecementos previos.
- Facilitar a construción de **aprendizaxes significativas**, deseñando actividades de ensino-aprendizaxe que permitan aos alumnos/as establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e as novas aprendizaxes. O coñecemento constrúese en estreita interrelación cos contextos nos que se usa, non sendo posible separar os aspectos cognitivos emocionais e sociais, presentes no contexto no que se actúa. O papel do titor/a dentro do proceso debe ser de guía, orientador e modelo do alumno/a.
- Buscar sempre a **funcionalidade nas aprendizaxes e xeneralización das mesmas**. Deben poñerse en marcha procedementos que se dirixan a que as habilidades ou coñecementos recentemente aprendidos sexan postos en práctica en situacións apropiadas e distintas daquelas nas que foron adquiridos. Polo tanto, a xeneralización, para que sexa real e efectiva, debe conseguir que o aprendido se aplique con frecuencia, ao longo do tempo, con outras persoas e en outros marcos ambientais.
- O **enfoque globalizador** considérase como a perspectiva máis idónea para a construción de aprendizaxes significativas. Polo tanto, sería de todo coherente co devandito enfoque partir dos contidos propostos dende algunha das áreas, organizando en torno a eles os contidos das restantes. Esta interconexión entre os contidos de todas as áreas do currículo haberá de ser tida en conta na planificación das actividades.
- As **interaccións mestre/a-alumno/a e entre iguais** será a base para a adquisición das novas aprendizaxes, lográndose así aprendizaxes significativas e funcionais.

As características de nosos alumno/ás fan imprescindible que encontren no Centro un ambiente cálido, acolledor e seguro, que permita e estimule as relacións interpersoais e contribúan á construción dunha autoimaxe axustada e positiva. Necesitan ter co adulto unha relación persoal de gran calidade, na que a través de distintos canles (xestos, contactos físicos, actitudes, verbalizacións) segundo idades e situacións, transmitan ao alumno/á seguridade de que é querido e valorado.

Esta transmisión de seguridade emocional non se opon á existencia de normas e á presenza de retos e esixencia, que deben adaptarse de maneira consciente e flexible por parte do adulto.

Tamén propoñemos a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación como formas de intervención.
- **A motivación e interese** do alumnado hacia os novas aprendizaxes. Como unha liña de aplicación, podemos dicir que favorecemos a súa motivación cando aumentamos a súa *seguridade ante as tarefas*. Isto conséguese:

- establecéndolle aquelas actividades que son axeitadas ao seu nivel de competencia.
- Enfrontándolle a tarefas que, se ben non pode realizar solo, as levará a termo con éxito dándolle as axudas pertinentes, para que, con axuda, avance pouco a pouco no proceso de aprendizaxe.
- Asegurándonos de que comprende ben as instrucións.
- Tendo o adulto e os compañeiros unhas expectativas axustadas sobre a posible execución que vai realizar o alumno e acomodar, así, as esixencias.
- Proporcionándolle as axudas que vai necesitando mentres leva a cabo a tarefa.
- Dándolle información posterior dos acertos e erros (non tomando estes como signo da súa inhabilidade senón como datos que nos informan do camiño que temos de seguir para traballar os obxectivos e contidos).
- Reforzando toda realización positiva por pequena que sexa. Os reforzadores externos poden ser sociais (eloxios, sorrisos, xestos de aprobación...); de actividade e situacións (xogar, aproveitar de máis tempo libre, ir de excursión, estar cos amigos, ...) ou materiais (alimentos, larpeiradas, xoguetes, contose, etc.).

En xeral, favorecemos a motivación: aumentando a seguridade do alumno ante as tarefas; e partindo dos seus intereses, desenrolándoos e ampliándoos ao deseñar as actividades.

Utilizar o reforzamento positivo, contando sempre con que, en última instancia, se persegue o obxectivo de que o alumno sexa capaz de autorreforzarse, é un recurso motivacional de grande eficacia.

- **Mediación na aprendizaxe.** A individualización do ensino require otorgar axudas ao alumno para que constrúa o seu coñecemento. Nisto consiste a mediación na aprendizaxe, en dispensar as axudas pedagóxicas necesarias para a consecución dos obxectivos propostos.
Ao referirnos á mediación na aprendizaxe ceñirémonos á prestación de axudas didácticas para que o alumno resolva unha actividade ou situación. Podemos dividir as axudas en físicas (se refire á acción encamiñada a soste, guiar ou apoiar a un alumno co fin de que poda realizar unha actividade), axudas verbais (implica expresar oralmente algo para que o alumno poda levar a cabo a tarefa) e axudas visuais (son calquera estímulo visual que permite que o alumno leve a termo a tarefa con éxito).
- **Principio de individualización e atención á diversidade,** atendendo ás peculiaridades de cada alumno/a e aos seus ritmos de aprendizaxe ao obxecto de adaptar os métodos e recursos ás diferentes situacións.
- **Participación activa** do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe promovendo agrupamentos flexibles e deseñando actividades que han de **superar o ámbito do** Centro, así como actividades a nivel de etapa e actividades fora do Centro, no barrio, localidade, etc.
- **Estimular a participación dos pais para compartir a tarefa educativa.**

-ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

Ao noso centro acceden nenos/as con necesidades educativas especiais con distintas necesidades de apoio a partir dos 6 anos.

Optaremos polo tanto, por metodoloxías en función dos contidos que se consideran prioritarios e que forman parte do Proxecto Curricular.

É aconsellable tomar opcións metodolóxicas que non sexan demasiado pechadas porque teremos que utilizar os recursos que ofrezan os distintos modelos de ensino en función dos obxectivos que en cada momento queramos acadar.

A intervención cos nosos alumnos centrarase fundamentalmente nas directrices que marca o Proxecto Curricular, que asume plenamente o concepto de persoa con discapacidade intelectual (AAMR,1992) e cuio propósito é desenrolar ao máximo as habilidades adaptativas (*comunicación, auto coidado, vida no fogar, habilidades sociais, utilización da comunidade, autodirección, saúde e seguridade, habilidades académicas funcionais, tempo libre, e traballo*).

Todos eles encamiñados a lograr a máxima **funcionalidade** dentro das súas capacidades.

Consideramos indispensable que o traballo sexa **coordinado** entre os distintos especialistas que inciden no alumno/a, que sexa un traballo programado conxuntamente de maneira que todos os esforzos se dirixan na mesma dirección, conseguindo un marco de **actuación global** que axude a integrar o neno no seu ámbito.

1. -OS SISTEMAS ALTERNATIVOS / AUMENTATIVOS DE COMUNICACIÓN

Nalgúns dos nosos alumnos/as o desenrolo da linguaxe oral vai ser moi difícil, por elo se fai necesario establecer con eles un sistema alternativo e/ou aumentativo da linguaxe que se utilizará como compensador/ posibilitador da comunicación.

Trátase de ensinar un código distinto ao oral pero co mesmo fin: comunicarse, expresarse, interaccionar positivamente no seu ámbito, e modificalo mediante esa interacción. teremos en conta os niveis de desenrolo dos que partimos e o ámbito físico e social no que a desenvolve o alumno/a.

Ocorre que, en ocasións, non urxe tanto o como lograr a execución dun código comunicativo, senón o como lograr a aprendizaxe dese código. É dicir, non se trata ás veces, soamente de dotarlles dun código comunicativo eficiente, senón, que é necesario, en algúns dos alumnos, polos seus niveis de desenrolo ou polas súas características específicas, crearlles unha necesidade de comunicación que previamente non manifestan. E así, promover o desenrolo progresivo da capacidade/competencia comunicativa.

Para elo deseñaremos situacións en contextos naturais onde teña sentido comunicarse, onde o alumno/a chegue a expresarse de maneira cada vez máis espontánea, e onde sexa capaz de influír e participar nos distintos ámbitos en que se atope.

Despois dunha valoración e avaliación do alumno, elixiremos o código de maior eficacia.

Segundo Tezchner, S e Martinsen,H existen grandes diferenzas entre os distintos grupos de nenos/ás que teñen necesidade dun sistema de comunicación distinto do linguaxe oral. Para moitos de eles a necesidade dunha forma alternativa de comunicación é transitoria, vai desaparecer durante seu desenrolo. Outros nenos/ás en cambio necesitan un medio de comunicación alternativo durante toda a vida, para eles, os logros que cheguen a alcanzar na comprensión do linguaxe e nas habilidades motoras serán particularmente decisivos para as súas vidas. E o feito de facilitarlles unha nova forma de comunicación significa darlles un control máis grande sobre as súas propias vidas e maiores posibilidades de facerlles participes nas actividades colectivas.

As persoas que necesitan comunicación aumentativa ou alternativa pódense dividir en 3 grupos principais:

1. Alumnos/as que necesitan un medio de expresión:

Neste grupo a se atopan aqueles/as que teñen unha comprensión da linguaxe bastante boa pero fáltalles a posibilidade de poder expresarse a través da linguaxe oral. Xeralmente, o que causa os problemas de fala é unha afectación motora.

2. Alumnos/as que necesitan unha linguaxe de apoio:

2.1. Son aqueles que espera que falen no futuro, pero que presentan un desenrolo da linguaxe fortemente atrasado; para eles o ensino dunha forma de comunicación alternativa ou aumentativa tería como obxectivo o de activar a comprensión e uso da linguaxe oral, é dicir a intención non é que substitúa á fala, senón que a comunicación aumentativa sirva como unha linguaxe de apoio a esta.

2.2. Son aqueles nenos/as con problemas graves de articulación e que polo tanto teñen problemas en facerse entender. Este grupo necesita unha linguaxe de apoio, como sería un sistema de comunicación aumentativa.

3. Alumnos/as que necesitan unha linguaxe alternativa.

Os alumnos/ás que pertencen a este grupo se caracterizan por ter pouco ou ningún uso da linguaxe oral coma forma de comunicación, e polo tanto, necesitan dunha linguaxe alternativa que van usar o resto da súa vida.

A delimitación entre os 3 grupos principais de alumnos/as non significa que sempre sexa doado determinar a qué grupo pertence cada persoa. Así, por exemplo, algúns persoas con Parálise Cerebral necesitan un medio XXXXX aumentativo de comunicación para poder expresarse, mentres que outros necesitan un apoio para clarificar unha fala pouco comprensible ou unha linguaxe de apoio durante certo tempo.

Outra forma de identificar diversos grupos funcionais de alumnos que poden beneficiarse dos SAC., é reparando en que comunicación e linguaxe non son procesos idénticos. Polo tanto o faremos en función da súa "**competencia comunicativa**" e da súa "**competencia lingüística**" (Ver cadro):

- C O M P E T E N C I A C	- COMPETENCIA LINGÜÍSTICA +		
	<p>A</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non falan. • Non somos capaces de percibir se responden a estímulos. • É moi difícil identificar os intentos comunicativos. 	<p>B</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fala ecolálica. • Frases de 1 ou 2 palabras. • Mínima expresión de intención comunicativa 	<p>C</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estructuración de frases pero con escasa intencionalidade comunicativa.

O M U N I C A T I V A +	D	<ul style="list-style-type: none"> • Non falan. • Existencia de comunicación para expresar intencións e desexos inmediatos. 	E	<ul style="list-style-type: none"> • Palabras e/ou xestos reducidos. • Expresión de intencións concretas e básicas. 	F	<ul style="list-style-type: none"> • Vocabulario para situacións familiares. • Fallos nas actuacións sociais.
	G	<ul style="list-style-type: none"> • Non falan. • Boa comprensión. • Existe comunicación (mirado, xestos, sinalizacións) 	H	<ul style="list-style-type: none"> • Falan con moitos problemas de pronunciación. Pode haber unha boa comprensión. 	I	<ul style="list-style-type: none"> • Boa expresión de necesidades e desexos. Poden haber erros gramaticais e estruturación inapropiada de frases.

Fonte: Orientacións do MEC.

Grupos que marcan diferencias nítidas de cara a estruturar as axudas.

A Alumnos/as con necesidades vinculadas ao atraso mental profundo, case sempre manifestando ausencia e escaseza de interaccións sociais. A actuación sería fomentar o interese da comunicación mediante formas moi simples.

C O obxectivo debe ser conseguir a utilización funcional da linguaxe oral.

E Seu pensamento está vinculado ás situacións máis inmediatas. Abordar a comunicación alternativa e aumentativa como unha axuda.

G De onde máis fallan é na competencia lingüística. Necesitarase un S.S.A.A.C. como medio de expresión e como alternativa da fala.

I Perfeccionar a expresión oral e opcionalmente un sistema gráfico ou de signos de apoio.

B A D Comunicación aumentativa coma linguaxe habitual.

D G H Sistema de comunicación substitutorio da fala.

B E H Sistema de apoio ao linguaxe falado.

C F I Linguaxe oral, un S.S.A.A.C. pode axudarlles pero non é imprescindible.

1.1. -SISTEMA ALTERNATIVO DA COMUNICACIÓN GRÁFICO: S.P.C.

Pretendemos que ninguén sexa excluído de ser instruído mediante os sistemas alternativos, é dicir, tratamos de adaptar os programas aos alumnos/ás, e non ao contrario, deseñando para elo programas individuais que teñan en conta os contextos reais nos que vive e se desenvolve. Segundo *Carmen Basil*: "NON existen *prerrequisitos para a aprendizaxe da comunicación, e o ensino DEBE empezar sen demora para todos os nenos que non falan á idade habitual, aunque presenten atrasos moi profundos*".

Para a implantación dun S.A.C. é necesario:

Unha avaliación previa que debe examinar:

- as capacidades cognitivas, motoras, sensoriais, de fala e linguaxe.
- a capacidade para facer un seguimento e barrido visual.

- a súa preferencia manual.
- as capacidades básicas de linguaxe receptiva.
- discriminación e capacidade para asociar obxectos reais, actividades ou situacións cos seus referentes abstractos tales como miniaturas, debuxos simples, fotografías ou partes de obxectos reais.
- a valoración do sistema axeitado as súas necesidades.
- o ensino de códigos alternativos ao oral.

Para nenos cuxa capacidade máis afectada sexa a motora, os sistemas alternativos de comunicación deben ser sistemas gráficos que supoñan un soporte físico, xa que as súas dificultades motoras non lle permiten utilizar sistemas xestuais ou de signos manuais.

Por moi importantes que sexan as dificultades motoras que presenta o alumno/a sempre hai unha posibilidade de aproveitar calquera resto de movemento intencional, facilitando por medio de controis posturais e o equipamento axeitado que eses restos motores sexan o máis funcionais posibles. Para potenciais existe toda unha serie de axudas técnicas á comunicación que van dende as máis simples como o taboleiro de comunicación ás máis sofisticadas coma ordenadores.

Para que isto transcenda á práctica non é necesario grandes e sofisticados medios: necesítanse cousas moi simples tales como fotografías, pictogramas, debuxos simples, obxectos en miniatura... Tamén necesítase un labor previo de análise en equipo. É no contexto, co apoio e colaboración dos titores/ás e os distintos servizos especializados: audición e linguaxe, orientador. ... de onde se constrúe paso a paso un programa e de onde van tomando decisións moduladoras do mesmo. A instrución se leva a cabo por parte da titor/a e a especialista en audición e linguaxe.

Para que os SSAAC sexan eficaces han de realizarse nun contexto que facilite a comunicación, e que sexan abertos e flexibles, tendo en conta que, en definitiva, a comunicación depende de, polo menos, dúas persoas e que ambas as dúas han de achegar as súas habilidades ao proceso común de interacción.

Consideramos que ensinar habilidades de comunicación non é tarefa enfocada soamente á persoa con discapacidade, senón que ha de ir dirixida tamén aos posibles interlocutores desa persoa (familia, amigos..) e ao contexto no que a devandita comunicación teña lugar.

Temos moi en conta o deseño do entorno a nivel social, de maneira que actuamos como intérpretes que atribuímos intencionalidade aos comportamentos dos alumnos/ás, respondendo as súas indicacións e dotándoas de significado, pois isto contribúe a que establezan e utilicen aos adultos como medio para chegar ao ámbito.

Reaccionamos de forma esaxerada con forte emotividade ante calquera intento comunicativo do neno, axustando non soamente a nosa linguaxe senón tamén o noso estilo de interacción social, de forma que axude a facilitar as nosas interaccións con éxito, actuando como facilitadores da competencia comunicativa recoñecendo o papel activo do neno na aprendizaxe, estruturando as oportunidades para aprender e reaccionando activa e flexiblemente ás accións ou intentos comunicativos do neno.

A continuación incluimos un esquema dos **diferentes SSAAC gráficos**:

1. Sistemas gráficos moi representativos ou icónicos:

- Obxectos.
- Miniaturas.
- Fotografías.

2. Sistemas gráficos parcialmente pictográficos-simbólicos:

- Bliss.
- S.P.C.
- rebus.

Formas de sinalizar:

- Directa: se sinala directamente no panel, taboleiro, ordenador.
- Indirecta de exploración: O usuario ou a máquina presenta distintos elementos ata que o suxeito sinala que atopou o que buscaba.
- Indirecta codificada: Cada elemento ten seu código que o usuario debe indicar antes de seleccionar o elemento desexado.

Exemplos de comunicadores:

- * Comunicador dun só uso "Bigmack".
- * Alfa Talker, comunicador de mensaxes múltiples. 16 cadros.
- *Go Talk"
- *etc...

Un dos SSAAC utilizados no Centro é o:

(se poden ver na páxina web: www.tadega.net/Fotos).

Sistema SPC (Símbolos pictográficos para a comunicación non vocal).

Algúns dos pictogramas deste sistema son utilizados para sinalizar a estruturación espazo-temporal (proxecto P.E.A.N.A.)

Imos describir en que consiste o citado sistema, aclarando que ningún dos que se levan a cabo no Centro se empregan de maneira ríxida, senón que os adaptamos ás características e necesidades educativas dos nosos alumnos/ás.

O SPC consiste en.....

..... unha serie de símbolos compostos xeralmente de debuxos moi simples e representativos acompañados sempre da palabra escrita, agás en aqueles que por seu contido abstracto soamente conteñen a palabra impresa. Os criterios que seguiu a autora (Roxana Mayer Johnson) para deseñalos foron:

- Simbolizar palabras e conceptos de uso frecuente na comunicación cotiá;
- Que puideran ser usados por persoas de todas as idades.
- Que se puideran fotocopiar.
- Que se puideran distinguir facilmente uns de outros, facendo así máis sinxelo seu aprendizaxe.

Os símbolos preséntanse en dous tamaños diferentes, en 2, 5 cm e 5 cm.

O vocabulario ven dividido en seis categorías de palabras e teñen o seguinte cor recomendado:

Persoas.....	Amarelo
Verbos.....	Verde
Descritivos.....	Azul
Nomes.....	Laranxa
Miscelánea.....	Branco
Social.....	Rosa ou morado

Respecto á selección de vocabulario, depende das necesidades, desexos e habilidades dos alumnos/ás, é dicir, é preciso ir incorporando ao vocabulario existente aquelas palabras que vaia necesitado cada alumno/á medida que van cambiando as súas necesidades comunicativas.

Se recomenda flexibilidade e creatividade no uso e manipulación dos símbolos do sistema. Pódense combinar os SPC con símbolos de outros sistemas, fotografías, etc;

sempre que se considere necesario.

A sintaxe da linguaxe utilizado se axustará ás características da comunidade á que pertence o alumno/a.

Os SPC potencian fundamentalmente un tipo de frase curta que corresponde á etapa do desenrolo da linguaxe chamada "fala telegráfica", xa que as palabras baleiras de contido, como artigos, preposicións, etc., e mesmo palabras cuio contido é moi abstracto represéntanse unicamente mediante a ortografía tradicional e non posúen un debuxo para representalas.

Para a utilización dos SPC, a autora propón unha serie de consideracións orientativas que poden indicar se é apropiado para un determinado alumno/ao uso do devandito sistema:

- Os SPC son máis indicados para alumnos/ás que requiren un vocabulario limitado e unha estrutura de frases curtas.
- O alumno/a debe posuír suficiente agudeza e percepción visual como para diferenciar os símbolos, se non a ten se adestra con eles.
- Debe posuír unhas habilidades cognitivas suficientes como para recoñecer debuxos, así como posuír capacidade de almacenamento amnésico e estratexias para recordar, se non se posúen se adestrarán neste aspecto.

O método recomenda unha serie de consideracións xerais para facilitar o seu ensino:

- Ensinar os símbolos empezando por aqueles que son moi motivantes para o alumno/a e que vaian a ser de uso frecuente en seu vida cotiá.
- Poñer os símbolos aprendidos no soporte de comunicación.
- Incorporar os símbolos aprendidos á comunicación cotiá. Para elo, se é necesario, planificaranse actividades de onde o alumno/a teña que usar os símbolos aprendidos para realizar unha petición, unha elección, etc. O uso inmediato dos símbolos aprendidos para situacións comunicativas cotiás fomenta a motivación para aprender novos símbolos con fins comunicativos.
- Ensinar a encadear as palabras, é dicir, a formar frases simples a medida que o vocabulario adquirido vai aumentando.

Fonte: Roxana Mayer Johnson

Otros sistemas pictográficos:

-PROXECTO AUMENTATIVA.NET

-IMAGENES WIDGIT (Communicate Imprint).

SISTEMAS ALTERNATIVOS DE COMUNICACIÓN MANUAIS

Todos eles teñen algunhas características en común:

- * O emisor da comunicación usa, polo menos en parte, elementos do seu propio corpo para configurar a mensaxe, sen precisar de ningún instrumento

físico adicional á propia capacidade da utilización motora das mans e outros elementos do corpo para comunicar.

* Todos os sistemas descansan na necesidade de utilizar a canle visual para permitir ao interlocutor o acceso á información.

*O uso de estes sistemas parte da idea, de que a percepción visual dos signos, xestos ou apoios manuais, axudará á comprensión da mensaxe.

*Todos eles son estratexias cuio común obxectivo é mellorar ou facilitar a comunicación en aquelas persoas con graves dificultades para desenrolar a linguaxe oral.

Dentro dos **sistemas de comunicación manuais e/ou xestuais** se encontran os seguintes:

1. A linguaxe de signos:

É unha modalidade non vocal da linguaxe verbal humana, desenrolada de forma natural polo colectivo de persoas xordas.

Existen grandes diferenzas entre a linguaxe de signos e a linguaxe oral. Mentres que as linguas de signos utilizan unha modalidade visual-xestual, os linguaxes orais teñen unha modalidade acústico-visual, pero a máis importante é que a linguaxe de signos posúe unha serie de regulamentos a nivel morfolóxico e sintáctico diferente á linguaxe oral.

2. A Palabra Complementada ou CUED-SPEECH:

É un sistema complementario á lectura labio-facial, que facilita a lectura labial ao visualizar os fonemas non visibles e suprimir as ambigüidades. Consta de oito configuracións da man que toman seu forma en tres lugares diferentes da cara. Sempre precísase a simultaneidade boca-man. As posicións manuais non ofrecen, por se mesmas, información abonda para comprender a mensaxe.

3. Dactiloxía ou alfabetos manuais:

Os alfabetos manuais son, na actualidade, principalmente empregados polas persoas xordas para deletrear nomes propios, termos orais que non teñen correspondencia exacta cun signo concreto etc.. Existe unha correspondencia entre unha forma concreta da man e unha letra do alfabeto escrito. Poderíamos dicir que a dactiloxía é unha forma de escritura "no aire".

4. Comunicación bimodal (A desenvolve no punto A do presente apartado.)

5. Comunicación Total de Benson Schaeffer (A desenvolve no punto B do presente apartado.)

A).- COMUNICACIÓN BIMODAL:

O termo bimodal foi introducido por Schlesinger(1978) para designar a asociación de dúas modalidades: signada e falada. É dicir, unha comunicación é bimodal cando se dá un emprego simultáneo da fala xunto a signos, pero a lingua base que marca a orde da frase e a que determina a sintaxe das produccions, é a lingua oral.

Un "sistema bimodal" ou "idioma signado" é a expresión simultánea manual e oral da lingua dunha comunidade oínte, utilizando na súa emisión manual, sempre que sexa posible, o vocabulario da linguaxe de signos da comunidade xorda.

O bimodal non é, a utilización conxunta de dúas linguas: linguaxe de signos e linguaxe oral; trátase da emisión dunha soa lingua (o linguaxe oral) acompañada de signos tomados do vocabulario da linguaxe de signos.

En estes sistemas, a información oral e manual, son simultáneas inda que non complementarias. É dicir, o mensaxe exprésase de dúas formas á vez. O bimodal trata de asegurar a información ofrecendo ao neno/a simultaneamente as dúas canles informativas.

Xustificación da elección da comunicación bimodal.

1. Parécenos que a comunicación bimodal, como alternativa de comunicación non verbal, para aqueles cuio nivel cognitivo llo permita, é a máis indicada pola súa naturalidade de emprego, pola súa proximidade estrutural á linguaxe oral e por non necesitar de soporte material, o que permite o seu uso en calquera circunstancia.
2. Trátase dun sistema dirixido a pais e educadores, que necesitan romper ese "bloqueo comunicativo" que produce a falta dun código común.
3. É un sistema de comunicación doada de utilizar polos propios nenos/ás en idades temperáns, posibilitando así non soamente a comprensión da mensaxe, senón tamén a expresión por parte do neno, tanto nas súas interaccións cos adultos coma cos seus iguais.
4. A comunicación bimodal permite incorporar de maneira natural os regulamentos sintácticos básicos. Por outra parte, permite ao neno/a a asociación signo-palabra, atribuíndolle significado a esta última.
5. Pode ser de utilidade na práctica educativa (especialmente en idades temperáns, tanto dentro das aulas como nos momentos máis específicos de rehabilitación. A utilización por parte do profesor titor da comunicación bimodal como sistema de comunicación habitual co neno/a, vaille permitir ter unha relación máis natural, posibilitando ao neno/a a expresión das súas intencións comunicativas.

Utilización da comunicación bimodal.

A elección dos primeiros signos, debe basearse na utilidade para a persoa que os vai aprender. Non debe esquecerse que os primeiros signos deben elixirse co fin de proporcionar aos nenos/ás, maiores posibilidades de acceso ás actividades e cousas que desexa.

Os principais criterios de elección, serán as necesidades, os intereses e os desexos de noso alumnado.

Os signos han de elixirse en función da súa utilidade, pero ¿que se pode considerar útil?. Un signo será útil na medida en que permita á persoa facerse entender.

Os primeiros signos que deben introducirse, deben ser específicos, é dicir, relacionados con cousas e actividades concretas. Ex.: pan, zumo, pintar, etc.. Seguidamente, introduciránselle os signos xerais que son aqueles que se relacionan con clases de obxectos, actividades ou acontecementos. Ex.: beber, traballar, etc..

